

**Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**"PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES. PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015.-**

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras "Parque infantil no entorno da Travesía do Porto. Milladoiro-Ames". PAS Convenios. Anualidade 2015.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a dita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar a realización da obra "Parque infantil no entorno da Travesía do Porto. Milladoiro-Ames" á empresa CETA CONTRATAS SL con CIF B-70342746, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de corenta e un mil cincocentos trinta e nove euros e noventa e tres céntimos (41.539,93.- Euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de oito mil setecentos vinte e tres euros e trinta e nove céntimos (8.723,39.- €).

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 3 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como encargado da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra parque infantil no entorno da Travesía do Porto. Milladoiro-Ames ao arquitecto Alfonso Díaz Revilla da empresa redactora do proxecto, Oficina de Planeamiento SA.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Segundo.-** Facultar ao alcalde-presidente do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a sete de febreiro de 2017.

Vº e praxe

O alcalde

A secretaria accidental

José M. Miñones Conde